



Memoria de actividades HIXIENE DE MANS Servizo Galego de Saúde 5 de maio 2025



Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVICIO GALEGO DE SAÚDE.....	4
3. ÁREAS SANITARIAS.....	5
3.1. Área Sanitaria de Santiago e Barbanza.....	5
3.2. Área Sanitaria da Coruña e Cee.....	9
3.3 Área Sanitaria de Ferrol.....	10
3.4 Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.....	11
3.5 Área Sanitaria de Vigo.....	12
3.6 Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.....	13
3.7 Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.....	15



1. INTRODUCCIÓN

A Organización Mundial da Saúde (OMS), no marco da súa Estratexia Global para a Prevención e Control das Infeccións, lémbra-nos, cada 5 de maio, a necesidade de programas orientados a reducir as infeccións asociadas coa asistencia sanitaria (IRAS) polos seus efectos adversos graves, evitables en gran medida.

Estes pódense adquirir en calquera momento da asistencia sanitaria e transmíten-se de múltiples maneiras, sendo a máis frecuente por contacto directo a través das mans dos profesionais sanitarios.

Para a súa prevención, as accións máis relevantes como é a hixiene de mans e o uso correcto de luvas, son sinxelas e eficientes.

Este ano o lema da campaña do Día Mundial da OMS é:

“Luvas cando se indique. A hixiene de mans sempre”

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (Sergas) súmanse á conmemoración da mesma e, con este motivo, cada área sanitaria do Sergas organiza e promove diferentes actividades para mellorar o coñecemento sobre este procedemento nos centros asistenciais galegos.

Chámase á implicación directa dos profesionais sanitarios, ao compromiso decidido dos xestores sanitarios e ao respaldo dos responsables das políticas sanitarias, para conseguir que a hixiene de mans se sitúe como medida preventiva prioritaria nos centros sanitarios, hospitalarios e de atención primaria e centros sociosanitarios.

Como en anteriores campañas, esperamos o compromiso dos profesionais de perseverar nesta práctica segura:

- Utilizar produtos de base alcohólica.
- Formación na correcta hixiene de mans e no uso adecuado de luvas. O uso indebido das luvas aumenta o risco de infección e incide negativamente na seguridade dos pacientes.
- Participar nos procesos de avaliación das medidas de hixiene de mans establecidas nos protocolos.
- Promover a cultura de seguridade no seu centro, co apoio dos equipos directivos.



2. CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Publícase na intranet e na web da Consellería de Sanidade, información sobre a Xornada Mundial de Hixiene de Mans 2025, tanto dirixida a profesionais sanitarios como á poboación, e os recursos dispoñibles para ser utilizados polos centros (Servizo Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade, OMS, Centro para o Control e Prevención de Enfermidades (CDC), aos que se pode acceder a través da seguinte ligazón:

- <https://www.sergas.gal/Asistencia-sanitaria/5-de-Maio-2025-Celebracion-do-Dia-Mundial-da-Hixiene-das-Mans>

Incluíuse tamén no carrusel da páxina principal da web, unha imaxe da conmemoración deste día.

Publicouse na portada principal da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS), información destacada sobre a conmemoración deste día, así como o recordatorio do curso en liña de auto formación “Hixiene de mans” dispoñible na súa plataforma de formación.

- <https://extranet.sergas.es/feweb/FEWEB/DetalleActividade.aspx?Idioma=ga&CodCurso=65028A0AB484DDBFF96DD73A6D4FF706>

Facilítase o acceso á información sobre hixiene de mans a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de é-Saúde e no portal de Xente con Vida.

- <https://vida-saudable.sergas.gal/>

As actividades realizadas nesta xornada, conseguiron levar a cabo múltiples iniciativas destinadas a reforzar o compromiso institucional coa seguridade do paciente e a promover o cumprimento adecuado das recomendacións sobre hixiene de mans.



3. ÁREAS SANITARIAS

3.1. Área Sanitaria de Santiago e Barbanza

1. Actividades xerais

- Elaboración/edición, xunto á Unidade de Docencia, do vídeo Hixiene de Mans. hcgai04lb.sergas.local/Videos/Eventos/ASSCB_HIXIENE_MANS_25.mp4
- Publicación do mesmo na intranet da área sanitaria de Santiago e Barbanza (ASSCB) na canle de Calidade e Seguridade, ademais da súa permanencia do 5-12 de maio no apartado de "Destacados" da páxina principal da Intranet.
- Publicación de nota de prensa tamén nun lugar destacado (carrusel) da páxina principal da intranet.
- Publicación do cartel da campaña de hixiene de mans 2025 como pop-up de inicio de sesión en todos os ordenadores dos hospitais e dos centros de Atención Primaria da área, do 5 ao 12 de maio.
- Proxección durante a semana do 5 ao 12 de maio en todas as pantallas das entradas principais, hospitais de día e salas de espera de pacientes de hospitais e centros de Atención Primaria da área, de vídeos relativos á importancia da hixiene de mans e a súa técnica correcta: ASSCB_Lavado_mans_25.mp4; ASSCB_Lavado_mans_OMS_25.mp4; ASSCB_Lavado_mans_XUNTA_25.mp4
- Exposición de carteis divulgativos en todos os centros de saúde e unidades hospitalarias da área.
- Envío dun correo corporativo conmemorativo desta xornada a todos os profesionais sanitarios (Atención Primaria e Hospitalaria), incidindo na importancia da hixiene de mans como elemento cruce na prevención das infeccións relacionadas con asistencia sanitaria (IRAS). Neste correo tamén se incluíron as ligazóns ao *Curso Hixiene de Mans na Atención Sanitaria 2025* de ACIS, e á *"Guía-Manual uso adecuado de luvas"*.
- Información aos medios de comunicación da conmemoración deste acto e das actividades que tiveron lugar nos centros da área ao longo da xornada.



2. Actividades nos centros hospitalarios da área

2.1. Actividades Xerais:

- Rolda de sesións formativas enmarcada na estratexia de sensibilización e aumento da adherencia á hixiene de mans da área sanitaria. Sesións impartidas polos supervisores de Medicina Preventiva e de Calidade da área sobre o uso correcto de luvas e hixiene de mans en distintas unidades dos hospitais da área.
- As sesións iniciáronse no mes de abril e prolongáronse o longo do ano tentando alcanzar toda as unidades de tres dos hospitais da ASSCB: Hospital Clínico, Hospital de Conxo e Hospital do Barbanza. Ata a data foron 20 as formacións impartidas.
- Realización dunha enquisa respecto das barreiras que impiden aos profesionais unha adecuada hixiene de mans durante a xornada laboral. A enquisa dáse a coñecer ao final de cada sesión, quedando nas unidades en formato papel e a través dun código QR no taboleiro das unidades. Tras a análise dos resultados obtidos das enquisas valorárase a posibilidade de implementación das medidas orientadas a eliminar ou minimizar as barreiras detectadas.
- Envío de correo informativo e de sensibilización dende a semana previa ao día conmemorativo, aos responsables de hospitalización das unidades e servizos dos hospitais da área con distintos recursos a utilizar para a súa difusión o día 5 de maio.
- Realización de sesións curtas (clase-café) nas unidades sobre lavado de mans e uso correcto das luvas. Entre as actividades realizadas destacan:
 - Recordatorio da técnica de higienización de mans e dos 5 momentos.
 - Insistencia de non usar xoias e con uñas curtas e sen pintar.
 - Indicacións dun bo uso das luvas.
 - Proxección dalgúns dos vídeos de hixiene de mans

2.2. Actividades específicas:

HOSPITAL CLÍNICO:

Na entrada principal:

- Mesa informativa para a promoción da hixiene de mans. Visita e participación na mesa de membros do equipo directivo da área.
- Pantalla lateral á mesa informativa para visualización e reforzo da técnica correcta a través do vídeo elaborado na área, en alternancia coa web de adestramento e detección de puntos de mellora da técnica de higienización realizada.



- Entrega de solucións de base alcohólica formato peto, folletos, chapas e adhesivos conmemorativos.
- Ofreceuse a posibilidade de adestramento da técnica de hixiene de mans con líquido tintado, puntos de mellora e puntuación final da técnica realizada a través dunha web interactiva de adestramento.

Na entrada da cafetería do persoal:

- Mesa informativa para a promoción da hixiene de mans.
- Ofreceuse a posibilidade de adestramento con líquido tintado, puntos de mellora e puntuación final da técnica de Hixiene de mans realizada a través dunha web interactiva de adestramento no dispositivo móbil.

Aula para nenos hospitalizados:

- Charla-taller aos nenos o día 29 de abril, polos supervisores de Medicina Preventiva e de Calidade, sobre a importancia da HM e entrega de agasallos relacionados co tema da campaña (adhesivos, bolígrafos...).
- Recollida de mostras, o día 29 de abril, cos sinais das mans dos nenos en distintos momentos, por parte da Obra Social Pediatría en colaboración co Grupo de Investigación GENVIP do IDIS.
- 5 de maio: Visualización na aula dos patóxenos das mans recollidos a semana previa en placas de cultivo.

HOSPITAL DE CONXO:

- Mesa informativa con instalación dunha lámpada UV. Ofreceuse ás persoas que o querían a posibilidade de comparar os resultados da súa práctica de hixiene de mans e as posibles melloras na realización da técnica.
- Entrega de solucións de base alcohólica formato peto, folletos, chapas e adhesivos conmemorativos.
- Sesións formativas ao longo da semana do 5 ao 10 de maio nas distintas unidades do hospital impartidas polos supervisores de Medicina Preventiva e de Calidade da área, sobre o uso correcto de luvas e hixiene de mans.

HOSPITAL DO BARBANZA:

- Mesa informativa para a promoción da hixiene de mans.
- Entrega de solucións de base alcohólica formato peto, folletos, chapas e adhesivos conmemorativos.
- Realización de sesións exprés (clase-café) duns 10 minutos nas unidades sobre lavado de mans e uso correcto das luvas.



3. Actividades nos Centros de Atención Primaria da área

3.1. Actividades xerais:

- Envío de correo de información e sensibilización unha semana previa ao día conmemorativo aos responsables médicos e de enfermería dos Centros de Atención Primaria da área con distintos recursos a utilizar para a súa difusión o día 5 de maio.
- Entrega de solucións de base alcohólica formato peto, folletos, chapas e adhesivos conmemorativos.

3.2. Actividades específicas:

CENTRO DE SAÚDE A ESTRADA:

- Sesión-recordatorio formativa de todo o equipo de profesionais do centro respecto do uso adecuado de luvas e técnica correcta e momentos da higienización de mans.

CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DE LALÍN:

- Mesa informativa para a promoción da hixiene de mans tanto de profesionais, como de pacientes e acompañantes nun lugar visible e accesible do centro.

CENTRO DE SAÚDE FONTIÑAS:

- Presentación do Día Mundial da Hixiene de Mans e difusión da campaña a pacientes, familiares e profesionais a través dun photocall.
- Mesa informativa no vestíbulo do centro para a promoción da hixiene de mans tanto de profesionais, como de pacientes e acompañantes, coa participación moi activa do alumnado de enfermería.

CENTRO DE SAÚDE CONCEPCIÓN ARENAL:

- Mesa informativa no vestíbulo do centro para a promoción da hixiene de mans tanto de profesionais, como de pacientes e acompañantes.
- Debuxos e cancións relacionadas co día na sala de espera de pediatría.

4. Outras Actividades

4.1 Envío de correos de información e sensibilización do evento con distintos recursos a utilizar para a súa difusión:

- Decanato da Facultade de Enfermería.
- Decanato da Facultade de Medicina.
- Asociacións de Pacientes do ámbito da área sanitaria.
- Centros Sociosanitarios da área, coa ligazón ao curso específico que o Ministerio de Sanidade puxo ao dispor na súa web de Seguridade do Paciente para os profesionais destes centros: "Curso de Hixiene de mans en contornas sociosanitarias e residenciais".



4.2 Escola Infantil GIL CASARES:

- Na escola infantil de fillos de traballadores dos centros da área traballouse a importancia de lavar as mans facendo un mural relacionado co día, ademais dunha actividade con barro.
- Ao final de ambas as actividades laváronse as mans acompañados dunha canción infantil co tema da conmemoración.

3.2. Área Sanitaria da Coruña e Cee

1. Actividades xerais:

- Publicación do cartel da campaña de hixiene de mans 2025 na intranet da área sanitaria, e a súa permanencia do 5 ao 10 de maio.
- Envíanse correos informativos cos resultados das auditorías internas de hixiene de mans ao correo corporativos dos profesionais sanitarios.

2. Actividades específicas:

- Mesas informativas para a promoción da hixiene de mans e coa posibilidade de facer un test de luz UV antes e despois do lavado de mans coa solución hidroalcohólica.
- Entrega de solucións de base alcohólica, chapas conmemorativas e outros agasallos.
- Membros da Comisión de hixiene de mans, fixeron un percorrido informativo e de concienciación do persoal sanitario polas diferentes unidades de hospitalización.



3.3 Área Sanitaria de Ferrol

1. En canto a difusión da xornada do Día Mundial:

- Mailing á totalidade do persoal sanitario, centros sociosanitarios e asociacións de pacientes do ámbito da área sanitaria de Ferrol.
- Intranet e web (taboleiro de anuncios e carrusel) da área sanitaria de Ferrol: cartel conmemorativo da hixiene de mans e vídeo de difusión da xornada.
- Cartel deseñado pola Unidade de Calidade para esta ocasión, situado nos fondos de pantalla dos ordenadores de tódolos traballadores da área sanitaria sobre a hixiene de mans e os cinco momentos da mesma.
- Exposición de cartel divulgativo de hixiene de mans no tótem da entrada do hospital.
- Pantallas nas salas de espera dos pacientes.
- Publicación en redes sociais e prensa para promoción poboacional.

2. Actividades específicas:

- Mesa informativa e uso de luz UV:

Os profesionais sanitarios dos departamentos de Calidade e Medicina Preventiva instalaron unha mesa informativa sobre a técnica de hixiene de mans, con demostracións con solución fluorescente e lámpada UV aos pacientes, familiares e persoal sanitario interesados, para comprobar a correcta hixienización de mans.

A subdirección de Humanización, xunto con membros directivos de Atención Hospitalaria e Dirección de Enfermaría, participaron na entrada do hospital nesa mesa informativa e no reparto de solucións hidroalcohólicas.

- Experimento con pementa, auga e xabón:

A Aula Hospitalaria da área de Ferrol tamén se sumaba a este día. A mestra fixo un experimento cos máis pequenos con pementa, auga e xabón. Imitando a capa lipídica e como actúa o xabón cos virus e bacterias, nun prato con auga, puxo a pementa (bacterias e virus), e viron como ao pór o xabón, esa pementa se retiraba, incidindo na importancia que ten lavar ben as mans con auga e xabón.



3.4 Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

1. Roldas de Seguridade

As roldas de seguridade son unha práctica recomendada para incrementar a seguridade do paciente e permítennos coñecer a adherencia ás boas prácticas. Desde mediados do mes de marzo, realizamos ditas roldas polas distintas unidades de hospitalización dos tres hospitais da nosa área. Nelas fixemos observacións da adherencia ás recomendacións dos distintos profesionais. Tras cada rolda, xuntamos o responsable da unidade e o persoal para realizar unha retroalimentación dos datos observados e recollidos analizando os erros cometidos.

2. Falemos de Hixiene de Mans

Durante os meses de marzo e abril, o grupo de traballo de hixiene de mans, percorreu as distintas unidades expoñendo aquelas situacións onde se comenten máis erros dentro das recomendacións de hixiene de mans, en formato de pímulas formativas baixo o lema "Falemos de Hixiene de Mans".

Elaborouse un documento cos casos e momentos abordados, que foi repartido por todas as unidades.

3. Mesas informativas

O día da conmemoración instaláronse mesas informativas en cada hospital onde se realizaron demostracións da técnica de hixiene e dos momentos. Esta actividade foi dirixida aos traballadores. Ademais, repartíronse folletos informativos e agasallos.

4. Actividades na comunidade

- Obradoiro "Cóidate para coidar: importancia da hixiene de mans para coidadores", dirixido a persoal que traballa en vivendas comunitarias. Dito taller levouse a cabo no SAP de O Barco.
- Obradoiro: "Bichos fora!!". Esta dinámica ten como obxectivo concienciar os máis pequenos da importancia da hixiene de mans, explicando mediante xogos sinxelos e divertidos os pasos a seguir para levar a cabo unha correcta hixiene das mesmas. Estes obradoiros levaranse a cabo en poboación infantil dende o SAP de Ribadavia.



3.5 Área Sanitaria de Vigo

1. Co propósito de transmitir unha mensaxe de cara a cambiar un comportamento como é o uso de xoias, utilizamos pantallazos nos ordenadores da área sanitaria relacionados con películas e imaxes que impactasen neste senso.
2. Colocación de carteis da Campaña 2025 en formato póster nas unidades de hospitalización e en consultas externas do Hospital Álvaro Cunqueiro e do Hospital Meixoeiro.
3. Taller de formación sobre hixiene de mans a médicos residentes do Hospital Álvaro Cunqueiro.
4. Demostración polo grupo de auditores de hixiene de mans da Área Sanitaria, xunto con MIR de Medicina Interna e alumnado da Escola de Enfermaría do Meixoeiro, a diferenza da desinfección de mans con xoias e retirando as xoias, de maneira que podían ver baixo as lámpadas, permitindo comprobar visualmente se as mans dos profesionais están ben hixienizadas tras aplicar unha solución hidroalcohólica marcada con fluoresceína. Realizouse de forma simultánea nas unidades de hospitalización dos hospitais Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro.
5. Nota de prensa: "A Área Sanitaria de Vigo lembra no Día Mundial da Hixiene de Mans que a correcta limpeza das mans salva vidas".
6. Publicacións en prensa local coas fotos do día.
7. Difusión en redes sociais e na intranet corporativa das fotografías e vídeos realizados con motivo do Día Mundial da Hixiene de Mans.



3.6 Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI (HULA)

1. Difusión da campaña institucional na Intranet do hospital

Publicouse un comunicado especial na Intranet corporativa, con información sobre a importancia da hixiene de mans, materiais da campaña da OMS e recursos audiovisuais dirixidos a todo o persoal do centro.

2. Distribución de carteis informativos en áreas estratéxicas

Colocáronse carteis alusivos á campaña nas distintas unidades asistenciais, zonas comúns e accesos principais do hospital, con mensaxes crave para reforzar a cultura da seguridade.

3. Entrega de material divulgativo entre pacientes e visitantes

Durante a xornada, repartíronse folletos informativos, solucións hidroalcohólicas monodose e bolígrafos promocionais a pacientes, familiares e acompañantes, co fin de fomentar a participación activa da comunidade hospitalaria na prevención de infeccións.

4. Instalación dunha mesa informativa no hall principal do HULA

Habilitouse un punto de sensibilización atendido por profesionais do equipo de control de infeccións, onde se ofreceu asesoramento, demostracións prácticas sobre a técnica correcta de lavado de mans e material educativo.

5. Elaboráronse carteis creativos por parte dos profesionais

O persoal da planta de hospitalización do Servizo de Cirurxía deseñou un cartel orixinal con mensaxes sobre a hixiene de mans, que foi exposto publicamente como exemplo do compromiso das unidades con esta iniciativa.

6. Participación activa de referentes de hixiene de mans de cada unidade e servizo

Os profesionais designados como referentes en hixiene de mans en cada unidade colaboraron activamente na organización e promoción das actividades, actuando como axentes multiplicadores da mensaxe dentro dos seus respectivos equipos.

HOSPITAL PÚBLICO A MARIÑA

1. Actividades xerais

- Envío de correo electrónico aos usuarios do hospital con texto breve da importancia da hixiene de mans e comunicación da axenda de actividades.
- Colocación de carteis informativos no hospital: colocáronse os carteis remitidos dende servizos centrais así como a cartelería propia de anos previos.
- Anuncio na intranet de mensaxes sobre o día 5 de maio.



2. Actividades en planta

Ao longo da xornada realizáronse roldas polas unidades para lembrar a importancia do uso apropiado das luvas e realizar xogos de gamificación de "Adestramento de desinfección de mans". Mediante tinguadura vermella apreciábanse as zonas das mans que quedaban sen desinfección despois de realizar unha higienización con produto de base alcohólica.

3. Difusión

Difusión das actividades a través de redes sociais. Esta difusión nos permitirá chegar á poboación xeral, e transmitirles a importancia sobre a hixiene de mans.

HOSPITAL PÚBLICO DE MONFORTE

Actividades realizadas

1. Difusión da campaña na intranet do hospital.
2. Repartición de carteis polos distintos servizos do hospital e os accesos principais.
3. Difusión nas plantas de hospitalización, laboratorio e urxencias.



3.7 Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA

1. Recordatorio gráfico na intranet e pantalla na sesión inicial dos equipos informáticos da área.
2. Reiteración pímulas formativas e informativas sobre hixiene de mans a través da intranet da área.
3. Elaboración, actualización e difusión de trípticos informativos para profesionais e cidadáns, por parte do persoal do servizo de medicina preventiva e colaboradores.
4. Mesas informativas nos hospitais e determinados centros de saúde:
 - Material divulgativo diverso para pacientes, visitantes e profesionais.
 - Entrega de mostras de diferentes produtos para a hixiene de mans, con demostración do seu uso correcto.
 - Probas "in situ" da corrección da hixiene de mans mediante o emprego de cámara escura, con fins demostrativos e formativos.
 - Colocación nas mesas informativas dos hospitais Montecelo e Provincial un mural a modo de "photocall", elaborado e deseñado polo persoal de enfermería do Servizo de Medicina Preventiva para que os profesionais e, eventualmente, pacientes ou visitantes que así o desexasen poidan fotografarse, implicarse e concienciarse con iso. Coas imaxes obtidas, elaborárase unha colaxe para a súa posterior difusión.
5. Colocación e difusión de carteis e outro material divulgativo relativo ao Día Mundial da Hixiene de Mans 2025.
 - Utilízanse como fonte carteis e outros materiais elaborados e distribuídos pola OMS (<https://www.paho.org/es/campanas/dia-mundial-higiene-mans-2025>), Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/5-de-Maio-2025-Celebracion-do-Dia-Mundial-da-Higiene-das-Mans?idioma=é>), e o Ministerio de Sanidade, referentes ao Día Mundial da Hixiene de Mans 2025. <https://seguridaddelpaciente.sanidade.gob.es/practicasSeguras/higieneDeManos/campana.htm>).
 - Colocáronse e situado en localizacións estratéxicas dos nosos centros para incrementar o seu impacto.
6. Distribución de información polas diferentes unidades.
7. Colaboración no primeiro concurso de iniciativas para a campaña de promoción da hixiene de mans 5 de maio da Sociedade española de medicina preventiva, Saúde pública e Xestión sanitaria (SEMPSPGS).
 - Participación na organización, elaboración das bases e xurado do referido concurso nacional da SEMPSPGS.



HOSPITAL DO SALNÉS

No marco das estratexias de seguridade do paciente, desde o Servizo de Medicina Preventiva en colaboración co Laboratorio Bimédica, organizouse o longo da semana da conmemoración do día mundial da hixiene de mans uns talleres prácticos abertos a todo o persoal do hospital cos seguintes obxectivos:

- Fomentar a adherencia á técnica correcta de hixiene de mans.
- Mellorar a seguridade de pacientes e profesionais.
- Contribuír á redución das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) nos centros sociosanitarios.

Os talleres constaron dunha parte teórica e outra práctica e tiveron unha duración aproximada duns 45 minutos.

1. Primeira parte:

A hixiene de mans na contorna sanitaria

- Relatora: Débora costa, Prodcut manager do Laboratorio Bimédica

Consellos en Hixiene de mans

- Relator: Miguel Servia Dopazo, FEA Medicina Preventiva Hospital do Salnés

2. Segunda Parte: Taller Práctico

Déronse ademais tres talleres orientados ao lavado de mans pre cirúrxico,

1. Primeira parte:

O lavado de mans pre-cirúrxico

- Relatora: Débora Costa, Prodcut manager do Laboratorio Bimédica

Consellos en Hixiene de mans na área cirúrxica

- Relator: Miguel Servia Dopazo, FEA Medicina Preventiva Hospital do Salnés

2. Segunda Parte: Taller Práctico

Foron talleres dirixidos a todo o persoal sanitario do Hospital. Para facilitar a participación do maior número posible de traballadores ofrecéronse un total de 11 sesións, o xoves 8 (mañá e tarde) e o venres 9 de maio de 2025. Tres delas do lavado de mans pre-cirúrxico.

A acollida por parte dos traballadores foi moi positiva entre os asistentes, pero a asistencia foi pequena

Este ano, a campaña da OMS céntrase no lema: "Luvas cando estea indicado. Hixiene de mans sempre", subliñando que o uso de luvas non substitúe a necesidade dunha adecuada hixiene de mans e foi un dos temas que tratamos con máis insistencia nas sesións formativas.